

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*CIRCULAR INFORMATIVA DO PROGRAMA DE PROXECCÍONS AO AIRE LIBRE EN DIFERENTES CONCELLOS DA PROVINCIA: "CIRCUÍTO PROVINCIAL DE CINE DE VERÁN 2026"*

Circular informativa – Circuito Provincial de Cine de Verán

A Deputación de Ourense, desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro de 2026, organiza un programa de proxeccións ao aire libre en diferentes concellos da provincia, de xeito que lles sirva para acercar a produción audiovisual aos seus territorios, baixo o título "Circuíto Provincial de Cine de Verán 2026".

As películas que se proxectarán nesta actividade son: Rondallas, Sirāt, Decorado, Leo & Lou, Antes de Nós, San Simón, Buscando a Santa Compañía, La venganza se sirve con plumas ou Xustiza artificial, contamos cunha destacada oferta conformada por nove títulos, das cales algunha foi rodada en Galicia e no seu momento contaron cun patrocinio da Deputación de Ourense.

A adxudicación das proxeccións aos concellos interesados determinarase, por estrito orde de chegada das solicitudes, as solicitudes subscritas polo concello interesado irán dirixidas a Área de Cultura da Deputación Provincial, e poderán presentarse a través do Rexistro Xeral da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir das 8.30 h do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. O tope de proxeccións establécese nunha proxección para cada concello, para un máximo de 30 concellos da provincia.

Cada concello interesado, ao que se lle adxudique a proxección, deberá de facer fronte a un pago de 300 € máis IVE, importe no que se inclúen os dereitos de exhibición e os gastos que poida derivar dos dereitos de autor (SGAE, ou similares).

Para calquera aclaración quedamos a súa disposición no correo electrónico cultura@depourense.gal, ou nos teléfonos: 988 317 828 ou 988 317 829.

Ourense, 5 de xuño de 2026. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

(Ver solicitude páx. seguinte)

**R. 1.342**



## SOLICITUDE

### “CIRCUÍTO PROVINCIAL DE CINE DE VERÁN 2026”

<b>CONCELLO</b>	NOME			
	CIF			
	RÚA		CP	
	POBOACIÓN		TLF.	
	E-MAIL			
<b>PERSOA DE CONTACTO</b>	NOME			
	APELIDOS			
	E-MAIL		TLF.	
<b>PELÍCULAS</b>	RONDALLAS		SINATURA	
	SIRAT			
	DECORADO			
	LEO & LOU			
	ANTES DE NÓS - CASTELAO			
	SAN SIMÓN			
	BUSCANDO A SANTA COMPAÑA			
	LA VENGANZA SE SIRVE CON PLUMAS			
	XUSTIZA ARTIFICIAL			

\*\*\* Cada concello ten dereito a unha película, tendo que escoller entre as nove que se ofertan.

O número tope para desenvolver esta actividade establecese nunha película para un máximo de 30 concellos da provincia.

A reserva farase por rigoroso orde de chegada das solicitudes subscritas polos concellos interesados, a partir das 8.30 h do día seguinte á publicación do anuncio no BOP, a través do Rexistro Xeral da Deputación Provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para calquera aclaración: correo electrónico [cultura@depourense.gal](mailto:cultura@depourense.gal) ou aos teléfonos 988 317 828 / 988 317 829.

